

## **Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 16 de decembro de 2020**

### **Anexos:**

- I. Convocatoria da CGIC do 16/12/2020
- II. Asistentes á CGIC do 16/12/2020
- III. Rexistro R1-DE02 P1 Panel de indicadores e Fichas dos indicadores solicitados
- IV. Rexistros do procedemento PE01 Xestión do PAS:
  - a. R1-PE01 P1 Identificación das necesidades de PAS do centro
  - b. R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro
- V. Rexistros do procedemento PE02 Xestión do PDI:
  - a. R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas das necesidades detectadas
  - b. R4-PE02 P1 Ficha de programa /actividade de formación

Ábrese a sesión ás 10 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 30 de outubro de 2020.**

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

## 2. Informe do Coordinador.

O Coordinador comenta as principais incidencias relativas á Calidade dende a anterior sesión da CGIC:

### ➤ Renovación da certificación de implantación do Sistema de Calidade da Escola:

- ✓ No relativo á visita ao centro do Comité de ACSUG vinculada ao proceso de renovación da certificación, a Área de Calidade informou o 23 de novembro que **se pospón** a principios do ano 2021.

### ➤ Publicacións no Portal Transparencia:

- ✓ 6 novembro 2020. Publicación de varios indicadores e información: enquisas de satisfacción 2019-2020 de alumnado, persoas egresadas e PDI, e notas medias das titulacións.
- ✓ 30 novembro 2020. Publicación de varios indicadores de calidade relativos a centros e titulacións no curso 2019-2020 (admisión, matrícula, rendemento...).
- ✓ 2 decembro 2020. Publicación de varios indicadores e información incluíndo un avance de matrícula das titulacións no curso 2020-2021.

### ➤ Comunicacions da Área de Calidade:

- ✓ 20 novembro 2020. A Área de Calidade informa da publicación dos resultados definitivos das enquisas de avaliación docente do curso 2019-2020

Resultados Enquisas Avaliación Docente 2019/20				
Ítem avaliado	Grao EE	Grao ERME	MUEM	Universidade
Información materia	4.13	4.25	4.25	4.18
Recursos materiais	4.17	4.24	4.24	3.97
Planificación	4.06	4.16	4.16	3.87
Deenvolvemento	4.03	4.21	4.21	3.88
Resultados	4.17	4.31	4.31	3.71
Total	4.11	4.42	4.42	3.98

- ✓ 2 decembro 2020. A Área de Calidade informa da publicación dos resultados das enquisas de satisfacción de entidades empregadoras coas titulacións do curso 2019-2020.

### ➤ Rexistros pendentes na plataforma do SGIC 2019-2020:

- ✓ **R3-DO0102 P1 Informes de revisión interna (titulación).** A criterio da Área de Calidade non corresponde este ano ás titulacións do centro.
- ✓ **R1-PE02 P1 Resultados de avaliación docente definitivos (anuais - titulación).** Achegados os resultados das *EAD 19/20*. Pendente o informe do *DOCENTIA anual agregado por titulacións*; a Área de Calidade informou de que xa non se elaborará e que se retira a aportación deste ítem ao rexistro.
- ✓ **R2-PE02 P1 Informe de responsables académicos.** Pendente o informe do *DOCENTIA quinquenal 12/13-16/17* (aínda está en fase de revisión das alegacións achegadas).

- **Rexistros pendentes na plataforma do SGIC 2020-2021:**
  - ✓ **R1-IA01 Listaxe de necesidades de recursos e servizos.** Pendente de elaboración.

### 3. **Aprobación, se procede, do rexistro *R1-DE02 P1 Panel de indicadores* do procedemento DE02 Seguimento e Medición.**

A Presidenta lembra que, como xa se comentou na anterior sesión da comisión, na revisión da política e obxectivos de calidade propúxose a inclusión de dous indicadores novos específicos do centro (nivel 3):

- *I04(2)-AC Porcentaxe de mulleres matriculadas en novo ingreso na titulación.* Só requiriría a desagregación por sexos dun indicador xa dispoñible no Portal de Transparencia (I04-AC).
- *I07(2)-DO Valoración agregada da organización e desenvolvemento das materias TGF e TFM* requiriría a introdución dalgunha pregunta nas enquisas de satisfacción ás persoas egresadas ou, se non fora posible, a elaboración dunha enquisa propia (no marco do procedemento MC-05).

Unha vez rematada a redacción das fichas e da solicitude dos indicadores, propónse a súa aprobación definitiva na comisión. A continuación comenta brevemente a descrición dos documentos achegados con antelación.

Raquel Gandón sinala que non ve problema en incorporar as preguntas relativas ás materias TFG/TFM nas enquisas de tódolos centros.

Apróbase por asentimento a solicitude dos dous indicadores propios nos termos indicados e o novo Panel de indicadores (rexistro R1-DE02 P1).

- ### 4. **Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento PE01 Xestión do PAS:**
- **R1-PE01 P1 Identificación das necesidades de PAS do centro**
  - **R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.**

A Presidenta sinala que os documentos foron elaborados por Ana Cacheiro, Administradora do ámbito, e os comenta brevemente.

A Comisión aproba os dous rexistros por asentimento.



## 5. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento PE02 Xestión do PDI:

- R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas das necesidades detectadas
- R4-PE02 P1 Ficha de programa /actividade de formación.

A Presidenta sinala que o centro non ten capacidade para seleccionar profesorado para os graos (si para as titulacións de máster) nin para a formación do PDI, pero pode propola. Lembra que a dirección enviou un e-mail solicitando ao profesorado que comunicara as súas necesidades. A proposta de accións formativas elaborouse recollendo as respostas recibidas.

A continuación comenta brevemente o documento e propón delegar na dirección do centro elaboración das fichas concretas de cada actividade.

Raquel Gandón comenta que xa está funcionando a *Escola Aberta de Formación Permanente*, dependente da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, na que se integrarán todas as actividades formativas; por iso, o procedemento vaise cambiar neste curso para adaptalo a este novo plantexamento. Por outra banda suxire que calquera formación que se leve a cabo no centro se canalice a través deste centro para, por exemplo, facilitar o seu recoñecemento no programa DOCENTIA.

Apróbase a proposta por asentimento.

## 6. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 50 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezaseis de decembro de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



## **ANEXO I**

Convocatoria da CGIC do 16/12/2020

**Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade**

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 16 de decembro de 2020, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (\*), e trataranse os seguintes puntos da

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 30 de outubro de 2020.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, do rexistro *R1-DE02 P1 Panel de indicadores* do procedemento DE02 Seguimento e Medición.
4. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento PE01 Xestión do PAS:
  - R1-PE01 P1 Identificación das necesidades de PAS do centro
  - R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.
5. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento PE02 Xestión do PDI:
  - R3-PE01 P1 Listaxe de accións formativas derivadas das necesidades detectadas
  - R4-PE01 P1 Ficha de programa /actividade de formación.
6. Rogos e Preguntas.

Vigo, 9 de decembro de 2020

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(\* **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DL6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario ([eme.secretaria@uvigo.es](mailto:eme.secretaria@uvigo.es)) que lle indicará o método de acreditación complementario.

**A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA**





## **ANEXO II**

Asistentes á CGIC do 16/12/2020

<b>Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 16 de decembro de 2020</b>	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado
Raquel Gandón Chapela	Representante da UTC
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
<b>Escusan a súa asistencia</b>	
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade





## **ANEXO III**

Rexistro R1-DE02 P1 Panel de indicadores

e Fichas dos indicadores solicitados



## **ANEXO IV**

Rexistros do procedemento PE01 Xestión do PAS:

- a. R1-PE01 P1 Identificación das necesidades de PAS do centro
- b. R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro



## **ANEXO V**

Rexistros do procedemento PE02 Xestión do PDI:

- a. R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas das necesidades detectadas
- b. R4-PE02 P1 Ficha de programa /actividade de formación